

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Dáse publicidade ao literal do Decreto Nº 11/2024 de día 18.01.2024 no que se convoca a sesión extraordinaria do Pleno do Concello

«Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 23 DE XANEIRO DE 2024; SORTEO DA COMPOSICIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DE 18 DE FEBREIRO DE 2024

EXPEDIENTE Nº 2024/G010/000001

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En virtude do disposto no artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985 de Réxime Electoral Xeral e en uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola Secretaria municipal o día 18.01.2024, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/1986, do 30 de novembro, e o artigo 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Convocar a todos os concelleiros e concelleiras membros do Pleno da Corporación á **sesión extraordinaria** que terá lugar de xeito presencial o próximo **martes día 23 de xaneiro de 2024, ás 09:30 h** en primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA**:

ÚNICO.- SORTEO PARA COMPOSICIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DE 18 DE FEBREIRO DE 2024

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).»

En Ponte deume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria Xeral do concello de Ponte deume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).

